



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2024-2025 correspondente aos corpos de profesores de ensino secundario, de profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional.

Pola Resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (DOG n.º89, do 10 de maio), que, no seu apartado cuarto, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación e ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, ao corpo de mestres e ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, e procedemento de adquisición de novas especialidades por parte do persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 31 de xaneiro de 2024 (DOG núm. 32, 14 de febreiro de 2024), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades convocadas, nos termos que establece a base vixésimo quinta da citada convocatoria.

Con base no que establece o apartado cuarto do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo quinta da citada Orde do 31 de xaneiro de 2024, (DOG núm. 32, 14 de febreiro de 2024).

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e publicar na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/substitutoslistas/>, as listas definitivas, para a cobertura de interinidades e substitucións para o curso académico 2024/2025 correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, convocados pola Orde do 31 de xaneiro de 2024, das persoas con dereito a incorporación ás correspondentes listas.

Segundo. Aprobar e publicar no portal de internet desta consellería, www.edu.xunta.gal, no Anexo I a relación definitiva de persoas excluídas das listas correspondentes aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas e de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. Coa aprobación e publicación das listas definitivas de persoas admitidas e da relación definitiva de persoas excluídas enténdense resoltas as reclamacións e alegacións formuladas contra as listas provisionais e contra relación provisional de persoas excluídas.

Cuarto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <https://www.edu.xunta.gal>, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses,





a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo